O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, **Xoaquín Fernández Leiceaga, María Concepción Burgo López, Guillermo Meijón Couselo e Francisco Cerviño González**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

A Cidade da Cultura abriu parcialmente as súas portas a visitantes e turistas neste primeiro semestre do ano 2011. De acordo coas cifras facilitadas pola Consellería de Cultura, o número de visitantes cóntase xa por ducias de miles.

Non obstante, a conexión entre a Cidade da Cultura e a cidade de Compostela segue a ser complicada, dificultando a existencia de sinerxías entre ambos polos de atracción turística.

A mellor interconexión beneficiaria a día de hoxe sobre todo á Cidade de Cultura, pois permitiría a moitos dos visitantes que se achegan a Compostela prolongar a súa estada admirando a arquitectura de Einseman e gozando das actividades culturais que están sendo programadas no alto do Monte Gaiás. Neste sentido, é moi importante analizar as posibilidades de relación das infraestruturas da cidade e a Cidade da Cultura, para o desenvolvemento futuro de proxectos conxuntos ou coordinados.

A conexión peonil depende do acondicionamento do parque urbano de Brañas de Sar, do que xa poden comezar os traballos preparatorios ao longo deste ano 2011. A mellora das conexións vía transporte público en autobús tamén debería instrumentarse mediante a adecuada colaboración entre a Consellaría de Cultura e o Concello de Santiago.

Desde esta institución impulsouse unha solución alternativa, que en si mesma constitúe un recurso turístico adicional: un bo sistema de transporte público especializado entre a Cidade Histórica e a “Cidade da Cultura”, relacionado co punto estratéxico que vai ser



 Grupo Parlamentario

a estación Intermodal (ferroviaria-autobuses), por medio dun sistema funicular de telecabina.

En consecuencia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.º) Efectuar as adecuadas previsións para posibilitar unha adecuada conexión peonil entre o ámbito urbano de Santiago de Compostela e a Cidade da Cultura.

2.º) Colaborar co Concello de Santiago para favorecer as conexións por medio do sistema de autobuses urbanos.

3.º) Instalar un sistema de transporte especializado vía funicular entre a cidade histórica, a estación intermodal e a Cidade da Cultura.

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2011

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
María Concepción Burgo López
Guillermo Meijón Couselo
Francisco Cerviño González

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/04/2011 18:00:23

María Concepción Burgo López na data 26/04/2011 18:00:31

.....
Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 26/04/2011 18:00:34

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Francisco Xulio Cerviño González na data 26/04/2011 18:00:38

.....
Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/04/2011 18:00:41

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados Ignacio López-Chaves Castro, José Fervenza Costas, María Soledad Piñeiro Martínez, Pedro Arias Veira, Yolanda Díaz Lugilde, Natalia Barros Sánchez, Román Rodríguez González e Marta Valcarcel Gómez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de Motivos

A Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Ministerio de Cultura do Goberno de España levan colaborando, dende hai máis anos, na catalogación do patrimonio bibliográfico galego.

Este labor, fortemente impulsado pola actual Xunta de Galicia, permitiu que a día de hoxe boa parte do noso patrimonio bibliográfico este catalogado de xeito que se poida coñecer o tesouro bibliográfico co que contan as bibliotecas de Galicia.

Non obstante, na actualidade non existe unha paridade de achegas entre as dúas administracións, Autonómica e Central, neste proceso de catalogación aportando a Xunta de Galicia o 60% do total do seu custe.

Polo exposto,

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno central a incrementar as axudas á catalogación do patrimonio bibliográfico galego, buscando na medida do posible a

paridade de achegas entre a Administración Central e a Autonómica”

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2011

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/04/2011 10:38:04

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 27/04/2011 10:38:17

Jose Fervenza Cóstas na data 27/04/2011 10:38:23

María Soledad Piñeiro Martínez na data 27/04/2011 10:38:27

Pedro Manuel Arias Vieira na data 27/04/2011 10:38:33

Yolanda Díaz Lugilde na data 27/04/2011 10:38:36

Natalia Barros Sánchez na data 27/04/2011 10:38:43

Román Rodríguez González na data 27/04/2011 10:38:47

Marta Valcárcel Gómez na data 27/04/2011 10:38:52



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Pablo Xabier López Vidal, Beatriz Sestayo Doce e María Quintas Alvarez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

O centro de menores de “Montealegre” en Ourense vén desenvolvendo unha importante labor educativa e de integración na sociedade, cunha serie de rapaces e rapaces que por diversas circunstancias teñen pasado polas súas instalacións.

Unha encomiable labor realizada por un equipo de profesionais públicos que están a traballar cun material moi fráxil e sensible: unha mostra da nosa xuventude que lle tocou vivir unha serie de circunstancias de especial dificultade.

Para poder desenvolver esta tarefa tan edificante se precisa moita profesionalidade, entrega e sensibilidade. Tamén unha cantidade de recursos de todo tipo que permitan unha óptima labor educativa e de perfecta integración na sociedade que nos tocou vivir.

Non se pode entender que nun centro destas características e logo do traballo que se viña desenvolvendo e dos esperanzadores resultados acadados se trunque todo o camiño percorrido por mor dunha falsa austeridade mal entendida e aplicada.

A diminución de recursos públicos está afectando directamente a calidade na prestación de servizos e a convivencia diaria no centro. As supresións e recortes deben practicarse no superfluo e innecesario, nunca nos ámbitos que melloran a educación en valores e a convivencia.



 Grupo Parlamentario

Tendo en conta os recortes que se están a practicar no orzamento destinado ao centro de menores de Montealegre, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Repoñer os servizos e prestacións suprimidos por mor da recente redución de recursos orzamentarios no centro de Menores de Montelagre en Ourense.
2. Dotar economicamente de forma axeitada a labor educativa que se está a prestar nos centros de menores da nosa Comunidade, evitando reducións orzamentarias que imposibilitan o cumprimento da súa finalidade pública e social.

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal

Beatriz Sestayo Doce

María Quintas Alvarez

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 27/04/2011 13:38:43

Beatriz Sestayo Doce na data 27/04/2011 13:38:48

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 27/04/2011 13:39:03

Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/04/2011 13:39:07



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, **Xoaquín Fernández Leiceaga**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, está executando unas obras de remodelación da estrada que por Teo e Ponte Ulla conduce á Estrada.

Esta obra modifica os accesos ao Combarro, ocasionando dificultades de entrada e saída nel. En concreto:

- Elimínase o paso de peóns así como a regulación semafórica na conexión do Combarro e rúa do Chícharo co Castiñeiriño.
- Elimínase a comunicación existente na actualidade.
- Constrúense unas beirarrúas que impiden o acceso de persoas con discapacidades.

Entendemos que as obras de mellora non deben significar en ningún caso un prexuízo a un grupo relevante de persoas, que ven dificultade á súa mobilidade e, ao cabo, reducida a súa esperanza de vida.

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a atender as reivindicacións dos veciños de Combarro, en Santiago de Compostela, procedendo a modificar o proxecto de remodelación da dita estrada no punto indicado para:

- a) Facilitar a entrada e saída desde O Combarro ao vial que conduce á Estrada
- b) Introducir a regulación semafórica neste punto
- c) Modificar as beirarrúas para facilitar o tránsito das persoas con discapacidade.

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2011

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez



 Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

.....
Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/04/2011 13:55:54

Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/04/2011 13:55:57
.....

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **José Manuel Lage Tuñas**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, co obxecto de impulsar un **efectivo control da legalidade**, por parte da Xunta de Galicia, dos **procesos selectivos de acceso ao emprego público nas Deputacións provinciais de Pontevedra e Ourense**.

Exposición de Motivos

As actuacións dos poderes públicos deben responder ao cumprimento das leis e deben ser guiadas por principios e comportamentos éticos. A cidadanía espera dos seus representantes accións non só legais, que tamén, senón que respondan aos principios e valores dunha sociedade democrática onde as institucións non son un fin senón un medio para administrar a vida colectiva e os dereitos individuais consagrados na Constitución e no Estatuto de Autonomía.

Cabe recordar que unha das proclamas máis profusamente difundidas polo novo Goberno é a do cumprimento da legalidade vixente e a aplicación dun suposto código ético. O respecto á lei e á ética política foi predicado dende a tribuna do Parlamento de Galicia no debate de investidura do presidente Núñez Feijóo, e repetido en diversas ocasións polos membros do Goberno de Galicia, si ben a práctica política do mesmo goberno pon en dúbida a súa aplicación.

O Sr. Núñez Feijóo dixo no ano 2009 que ía acabar co caciquismo en Galicia nun só día si chegaba á Presidencia da Xunta de Galicia. Dous anos despois de ter sido elixido presidente non só incumpre as súas promesas senón que actúa como escudo protector das prácticas clientelares e caciquís que desenvolve o Partido Popular nas Deputacións provinciais de Pontevedra e Ourense.



Grupo Parlamentario

Os socialistas galegos entendemos que a práctica política ten que ir acompañada do cumprimento da legalidade e do comportamento ético na función pública de servizo á cidadanía. As institucións non deben ser utilizadas con fins partidistas nin como empresas públicas ao servizo dun partido político, como está acontecendo nas Deputacións provinciais de Pontevedra e Ourense.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

É preciso velar pola legalidade e por garantir a imparcialidade na xestión dos procesos selectivos de acceso ao emprego público, tanto no ámbito autonómico onde vimos de vivir auténticos escándalos como o producido nas oposicións do SERGAS, como no ámbito das Corporacións Locais, nomeadamente no caso das Deputacións de Pontevedra e Ourense que tamén veñen sendo noticia de xeito permanente polas escandalosas contratacións de persoal, onde se pon de manifesto unha posible ruptura da igualdade de oportunidades.

Só cabe denunciar e rexeitar as actuacións sectarias e de difícil xustificación en materia de función pública por parte das Deputacións de Pontevedra e Ourense, que están sendo amparadas polo propio presidente da Xunta de Galicia.

A utilización das Deputacións provinciais de Pontevedra e Ourense por parte do aparato político do Partido Popular que preside o Sr. Núñez Feijóo deixa en papel mollado todas as promesas de rexeneración da vida política galega e amosa unha dobre faciana por parte do Sr. Núñez Feijóo.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estamos diante de situacións que son repudiadas socialmente por unha parte importante da cidadanía que entende que as Administracións públicas están ao servizo da cidadanía e non dos intereses partidarias de quen as goberna, e neste caso o máximo responsable político do Partido Popular en Galicia é o mesmo que ocupa a Presidencia da Xunta de Galicia, que por pasividade ou complicidade está permitindo prácticas incompatibles coa ética no ámbito das Deputacións provinciais de Pontevedra e Ourense.

Os socialistas entendemos que se deben erradicar determinadas prácticas da xestión das Administracións públicas e para iso é preciso un firme compromiso político e non unha complicidade velada, como a que ten manifestado o Sr. Núñez Feijóo durante os dous primeiros anos do seu mandato.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia acorda:

1. Instar ao Goberno galego a facer un efectivo control de legalidade, en base ao artigo 65 da lei de bases de réxime local, dos procesos selectivos que se desenvolven no ámbito das Administracións locais galegas, nomeadamente nas Deputacións de Pontevedra e Ourense, co obxecto de garantir a igualdade de oportunidades e a limpeza dos procesos selectivos, evitando deste xeito as prácticas clientelares ou a utilización destas administracións para satisfacer necesidades político - partidarias.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Rexeitar expresamente as prácticas clientelares e caciquís que se veñen producindo nos procesos de acceso ao emprego público nas Deputacións de Pontevedra e Ourense, e solicita do Goberno galego a súa acción administrativa e política para evitar que estas administracións actúen como unha extensión dun partido político, e sexan institucións ao servizo dos cidadáns.
3. Instar ao Goberno galego a remitir un informe coas actuacións realizadas pola Xunta de Galicia, entre 2009 e 2011, en materia de control da legalidade no referido aos procesos de acceso ao emprego público nas administracións locais galegas, e nomeadamente nas Deputacións de Pontevedra e Ourense.
4. Instar ao Goberno galego a remitir todos os anos ao Parlamento, no primeiro trimestre do ano natural, un informe coas actuacións realizadas no ano anterior pola Xunta de Galicia, en materia de control da legalidade no referido aos procesos de acceso ao emprego público nas entidades locais galegas.

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 28/04/2011 11:39:57

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/04/2011 11:40:00



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Silvia Fraga Santos, José Manuel Lage Tuñas, Beatriz Sestayo Doce e Carmen Cajide Hervés a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

Actualmente en Arzúa, cunha poboación de 6.490 habitantes, ten no seu censo 1.828 persoas maiores de 65 anos, o que supón un 28,16% da súa poboación.

O número de maiores de 65 anos incrementouse en máis de 200 persoas con respecto ao ano 1998 no que había 1.610 persoas maiores de 65 anos no municipio, o que representaba un 23,17%.

Actualmente, nesta comarca, con unha poboación de 17.718 habitantes, o número de maiores de 65 anos ascende a 5.097, o que supón un 28,76% do total da poboación. A nivel comarcal no ano 1998 o número de persoas maiores de 65 anos era de 4748, o que representaba un 24,07% do total da poboación.

A pesar de todos estes datos, que demostran a necesidade real da existencia dun centro de día no concello de Arzúa, nin Arzúa nin a súa comarca conta con unha soa praza de centros de día.

Por parte do anterior Goberno da Xunta de Galicia existía un compromiso de crear instalacións destas características na comarca de Arzúa.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos fundamental a posta en marcha deste tipo servizos, por considerar que favorecerá a existencia de condicións de vida axeitadas entre as persoas maiores e os seus familiares, procurando unha maior autonomía e unha mellora da calidade de vida para ambas partes.



 Grupo Parlamentario

O presidente da Xunta de Galicia comprometeuse a crear un centro de día en todos os concellos de máis de 1.500 habitantes.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Atendendo a este compromiso da Xunta de Galicia e ao feito de que a poboación de Arzúa presenta un envellecemento poboacional por enriba da media galega, o cal evidencia a imperiosa necesidade da implantación dun centro de día en Arzúa, por iso o Grupo Parlamentario Socialistas presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a poñer en marcha un centro de día no concello de Arzúa.

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2011

Asdo.: Silvia Fraga Santos
José Manuel Lage Tuñas
Beatriz Sestayo Doce
Carmen Cajide Hervés

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Silvia Belen Fraga Santos na data 28/04/2011 11:52:26

José Manuel Lage Tuñas na data 28/04/2011 11:52:36

Beatriz Sestayo Doce na data 28/04/2011 11:52:38

María del Carmen Cajide Hervés na data 28/04/2011 11:52:41



 Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/04/2011 11:52:44

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Silvia Fraga Santos, José Manuel Lage Tuñas, Beatriz Sestayo Doce e Carmen Cajide Hervés**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

O Concello de Arzúa conta con unha escola infantil que ten capacidade para atender a 43 nenos e nenas de 0 a 3 anos.

Esta escola infantil pasou a integrarse no Consorcio Galego de Servizos Sociais no ano 2008, motivo polo cal a súa xestión depende do mesmo.

Esta escola infantil conta con unha lista de espera de 12 nenos e nenas, pero hai que ter en conta que hai moitas nais e pais que desisten da solicitude de prazas, habida conta de que saben da dificultade para poder dispoñer dunha praza nesta escola infantil, acudindo a concellos limítrofes para matricular aos seus fillos e fillas noutras escolas infantís.

A dirección da escola infantil de Arzúa realizou un informe xustificando a necesidade de acometer a ampliación de prazas da escola infantil.

Acompañando este informe o Concello de Arzúa presentou diante da Xunta de Galicia un proxecto de ampliación da escola infantil arzuana por un importe de 118.019 €. Na proposta de actuación fórmulase a construción de dúas novas aulas, que se acondicionarían cos seus correspondentes aseos e zonas de almacenamento de xoguetes, no espazo que actualmente ocupa o patio interior do inmobile. Tras a execución deste proxecto a escola infantil pasaría a ter 5 aulas.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos fundamental a aposta pola dotación necesaria de prazas en escolas



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

infantís, non só pola súa importancia dende o punto de vista educativo, senón pola súa contribución a conciliación da vida laboral e familiar. Pois o feito de que exista este déficit na dotación de prazas na escola infantil de Arzúa supón un atranco para a conciliación, supoñendo en moitos casos a imposibilidade de moitos pais e nais de Arzúa para poder acceder ao mercado laboral, por non ter a posibilidade conciliar a vida familiar e laboral.

O presidente da Xunta de Galicia comprometeuse a ter postas en marcha no ano 2013 4500 novas prazas de escolas infantís.

Atendendo a este compromiso da Xunta de Galicia e a necesidade real e constatable do incremento de número de prazas na escola infantil de Arzúa, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a ampliar o número de prazas na escola infantil de Arzúa, tendo en conta as necesidades existentes, de acordo co proxecto presentado polo Concello de Arzúa e co informe realizado pola dirección da escola infantil xustificando a necesidade da ampliación do número de prazas.

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2011

Asdo.: Silvia Fraga Santos
José Manuel Lage Tuñas
Beatriz Sestayo Doce
Carmen Cajide Hervés

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Silvia Belen Fraga Santos na data 28/04/2011 11:55:18


José Manuel Lage Tuñas na data 28/04/2011 11:55:24

Beatriz Sestayo Doce na data 28/04/2011 11:55:27

María del Carmen Cajide Hervés na data 28/04/2011 11:55:31

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/04/2011 11:55:34

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2011 12:52
Nº Rexistro: 64396
Data envío: 28/04/2011 12:52:15.882

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do seu deputado e portavoz **Carlos Aymerich Cano** e da súa deputada **Ana Luisa Bouza Santiago**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa á melloría do servizo de transporte adaptado 065 na comarca da Coruña.

Non prestación de servizos xa comprometidos. Denegación de servizos solicitados. Suspensión da atención a utentes que con anterioridade viñan utilizando o servizo... Estas son algunhas das irregularidades que, de xeito reiterado, veñen denunciando os afectados polo mal funcionamento do 065 na área da Coruña.


Invariabelmente as excusas da Administración aluden a que os servizos solicitados fican “fóra das rotas establecidas” e a que só hai catro vehículos para atender os Concellos de Cambre, Oleiros, Culleredo, Arteixo, Sada, Abegondo, Carral e Bergondo.

Así as cousas formúlase a seguinte

PROPOSICIÓN NON DE LEI

O Parlamento insta ao Goberno a proceder de xeito urxente a corrixir as deficiencias que presenta o funcionamento do servizo de transporte adaptado 065 na comarca da Coruña e, en particular, a incrementar de xeito substancial o número de vehículos adscritos ao servizo.

Santiago de Compostela, a 28 de abril de 2011.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2011 12:52
Nº Rexistro: 64396
Data envío: 28/04/2011 12:52:15.882

Asdo. Carlos Aymerich Cano
Deputado e Portavoz do G.P. do BNG

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 28/04/2011 12:48:37

Ana Luisa Bouza Santiago na data 28/04/2011 12:48:41



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Marisol Soneira Tajés, María del Mar Barcón Sánchez, María Carmen Gallego Calvar, María Remedios Quintas Álvarez e Pablo Xabier López Vidal**, ao abeiro do disposto nos artigos 44 e 98 do Regulamento da Cámara, solicitan a esa Mesa se proceda á maior brevidade posible á **tramitación de comparecencia en Comisión da Sra. presidenta da Axencia de Legalidade Urbanística**, para que dea conta das medidas que pensa adoptar, logo da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declarando ilegais as licenzas de obra de seis edificios que conteñen 168 vivendas, construídas na denominada Recta da Anchoa no concello de Fisterra.

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María del Mar Barcón Sánchez
María Carmen Gallego Calvar
María Remedios Quintas Álvarez
Pablo Xabier López Vidal

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 28/04/2011 12:08:55

María del Mar Barcón Sánchez na data 28/04/2011 12:09:07

Carmen Gallego Calvar na data 28/04/2011 12:09:17

María Remedios Quintas Álvarez na data 28/04/2011 12:09:27

Pablo Xabier López Vidal na data 28/04/2011 12:09:32

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior sobre a ausencia dun marco regulatorio da Publicidade Institucional en Galicia.**

En novembro do ano 2010 o Goberno galego que preside Alberto Núñez Feijóo rexeitou, a través da maioría que ten o Partido Popular no Parlamento galego, unha Proposición de lei do Grupo Socialista para regular por lei a publicidade institucional.

Daquela o Partido Popular e o seu secretario xeral, tamén conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza aduciron que “non era o momento adecuado en vésperas das eleccións municipais”.

É o Estatuto de Autonomía de Galicia o que reconece, no seu artigo 27.31, á Comunidade Autónoma de Galicia competencia exclusiva en materia de publicidade, sen prexuízo das normas ditadas polo Estado para sectores e medios específicos.

Os socialistas galegos incluíamos na nosa Proposición de lei a regulación por primeira vez das axudas da publicidade institucional aos medios de comunicación social, con criterios obxectivos e favorecendo a transparencia informativa, erradicando prácticas opacas e discrecionais no manexo dos fondos públicos.

De igual xeito establecíamos a obrigaón de remitir ao Parlamento de Galicia, con carácter cuadrimestral, a relación dos contratos, axudas, subvencións e convenios neste ámbito.



 Grupo Parlamentario

Vimos de coñecer algúns datos sobre convenios do Goberno galego durante ese mesmo ano 2010, que se elevan a máis de un millón de euros.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Novamente o Goberno galego optou por prácticas discrecionais ao tempo que rexeita a nosa proposta para establecer criterios obxectivos, como a difusión dos medios ou a estabilidade laboral, para a asignación de axudas ou a realización de campañas de información institucional nos medios de comunicación.

Cabe recordar que “o candidato Feijóo” no ano 2009 apelaba a “unha política de comunicación institucional e non partidista”, comprometéndose a elaborar unha lei que aínda hoxe non chegou ao Parlamento da man do actual goberno aínda que si tivo a oportunidade de tramitar unha proposta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, que neste caso rexeitou.

O Partido Popular explicaba durante a campaña do ano 2009 que, ao chegar ao poder, as convocatorias de axudas dirixidas aos medios de comunicación faríanse “de acordo coa Lei de Publicidade e Comunicación Social da Xunta de Galicia, e sempre con transparencia”.

Dous anos despois só coñecemos o rexeitamento á nosa proposta e o silencio sepulcral sobre a necesidade dun marco regulatorio. Quedan no aire todas as promesas e compromisos de rexeneración democrática de Alberto Núñez Feijóo.

Ao mesmo tempo podemos comprobar como o Goberno galego está abusando dos procedementos de contratación sen publicidade, incumprindo o seu compromiso de transparencia e igualdade de oportunidades para os distintos operadores económicos.

Para os socialistas galegos isto é unha boa proba do incumprimento dos compromisos electorais do actual presidente da Xunta de Galicia.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo exposto con anterioridade, o deputado que asina interpela ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Si a política de axudas aos medios de comunicación debe ter un soporte legal, como sucede na maioría dos países europeos, por que o Partido Popular rexeitou fai uns meses unha Proposición de lei que por primeira vez regulaba as axudas aos medios de comunicación con criterios obxectivos?
2. Cando ten pensado remitir o Goberno galego un Proxecto de lei para regular a publicidade institucional e as axudas aos medios de comunicación social?
3. Cal é o motivo polo que o Goberno galego non remitiu en dous anos de mandato unha proposta normativa que remate coa discrecionalidade no reparto de fondos públicos co obxecto de difundir a publicidade institucional?
4. Que consideración lle merece ao Goberno galego a utilización de fondos públicos sen criterios obxectivos?

Pazo do Parlamento, 25 de abril de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 25/04/2011 16:11:15



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior** co obxecto de coñecer os **motivos polos que o Goberno galego non dissolve a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia (SODECO).**

Cabe recordar que dentro do teórico plan de “racionalización” da Administración autonómica e xunto á extinción das 34 fundacións comarcais, a Lei de Acompañamento de decembro do 2010, prevé tamén, como xa proxectara o anterior goberno, a “disolución” da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia (SODECO) e a integración dos seus cometidos na Axencia Galega para o Desenvolvemento Rural (AGADER).

Pero todo quedou nun brinde ao sol xa que a Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal (SODECO) conta en 2011 cun importante orzamento, concretamente, 7,1 millóns.

A propia Consellería de Medio Rural transferirá ao longo de 2011 a SODECO, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural un total de 3,1 millóns de euros. Tamén os orzamentos para o ano 2011 da Xunta de Galicia contemplan que a SODECO mercará “mobiliario intanxible por 42.518,84 euros e destinará 130.000 euros a “inmobilizado material”.

A maiores agora podemos comprobar que no Consello da Xunta de Galicia do 17 de marzo de 2011 autorizou un convenio coa Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia (SODECO) por un importe de 438.291 euros e con vixencia ata o 15 de decembro de 2011.



Grupo Parlamentario

Esta decisión contradí unha vez máis os reiterados compromisos de “racionalización” por parte do Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e pon en entredito todos os anuncios propagandísticos que leva facendo ao longo dos últimos dous anos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Era o artigo 16 da lei 15/2010 de medidas fiscais e administrativas (a denominada lei de acompañamento) o que propugnaba e autorizaba ao consello da Xunta a proceder á disolución da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia (SODECO).

Pero xa moito antes, no ano 2008 o anterior goberno impulsaba a Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifican a Lei 7/1996, do 10 de xullo, de desenvolvemento comarcal, e a Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, e se racionalizan os instrumentos de xestión comarcal e de desenvolvemento rural foron os primeiros pasos dados polo goberno progresista presidido por Emilio Pérez Touriño para a disolución efectiva das fundacións comarcais e a sociedade matriz, a SODECO (Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia).

Estábamos no ano 2008 e xa na citada lei, na súa disposición adicional primeira xa se concretaba a “Disolución da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia:

1. Autorízase o Consello da Xunta de Galicia a proceder á disolución, ao abeiro do previsto nos artigos 45 e seguintes da Lei 3/1985, de 12 de abril, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e nos artigos 262 e seguintes do Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.”



Grupo Parlamentario

Durante os anos 2009 e 2010, o Goberno presidido por Alberto Núñez Feijóo cansouse de anunciar en repetidas ocasións a disolución da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal (SODECO).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza anunciou ao longo da lexislatura varios plans de racionalización da administración, coa eliminación das fundacións comarcais e da sociedade para o desenvolvemento comarcal.

No debate dos orzamentos para o ano 2011 volveu o Sr. Rueda a anunciar unha vez máis a disolución de SODECO, que xa quedará autorizada por lei a finais do ano 2008.

A disolución de SODECO e das fundacións comarcais certificará a defunción dunha Lei de comarcalización de Galicia que foi un auténtico fiasco e que supuxo un importante despilfarro económico.

A Lei de comarcalización e a creación de SODECO son responsabilidade exclusiva do Partido Popular e dos respectivos gobernos da Xunta de Galicia ao longo dos anos 90, no século XX, e tamén a comezos do século XXI. Seguramente o feito de ter que recoñecer un estrepitoso fracaso está facendo que os actuais gobernantes remoloneen e non cumpran cos acordos existentes.

O Goberno galego está incumprindo a legalidade vixente e non está procedendo á disolución dos organismos contemplados na mal chamada Lei de Desenvolvemento Comarcal de Galicia.



Grupo Parlamentario

Polo anteriormente exposto, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Por que non procedeu o Goberno galego á disolución da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia?
2. Por que autoriza o Consello da Xunta un convenio coa Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia por valor de 438.291 euros e con vixencia ata o 15 de decembro de 2011?
3. Non ten pensado o Goberno galego proceder á disolución da SODECO antes do 15 de decembro de 2011?
4. Por que se nega o Goberno galego a recoñecer o fracaso estrepitoso que supuxo a lei de comarcalización de Galicia?

Pazo do Parlamento, 25 de abril de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 25/04/2011 16:12:36



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Lage Tuñas, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión sobre a investigación xudicial denominada “Operación Orquestra”**.

A investigación xudicial denominada “Operación Orquestra” e dirixida dende o xulgado de Corcubión (A Coruña) polo coñecido ata o momento afecta a diferentes cargos públicos municipais, empresas privadas e funcionarios públicos.

Vimos de coñecer a través de diferentes fontes informativas a existencia dunha serie de dilixencias xudiciais que supostamente destapan unha rede para captar de forma fraudulenta subvencións públicas das administracións públicas, e onde aparece a Xunta de Galicia implicada.

No sumario da “operación Orquestra” fábase dunha posible connivencia de funcionarios de diferentes departamento da Xunta de Galicia (Cultura, Xuventude, Turismo) co propósito de buscar o réditto electoral do Partido Popular na Costa da Morte e consideramos de interese que o goberno de Galicia clarifique o antes posible a súa responsabilidade neste asunto, así como a dos altos funcionarios aos que se cita en diferentes informacións públicas coñecidas en pasados días.

A existencia dunha posible colaboración por parte de funcionarios da Xunta de Galicia coa rede que está sendo investigada por diferentes delitos na denominada “operación Orquestra” é motivo de preocupación e debería abrirse unha investigación interna por parte do goberno galego para clarificar, e depurar se fose o caso, as responsabilidades existentes neste turbio asunto.



 Grupo Parlamentario

É preciso coñecer o grao de coñecemento que ten o Goberno galego sobre a “Operación Orquestra” e a súa posición ao respecto.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo anteriormente exposto, o deputado que asina formula as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento o Goberno galego da posible colaboración de funcionarios da Xunta de Galicia cunha rede dedicada a captar de forma fraudulenta subvencións públicas, tal e como se apunta no sumario da denominada “operación Orquestra”?
2. Que valoración lle merece ao Goberno galego os feitos coñecidos ao redor da “operación Orquestra”?
3. Ten pensado o Goberno galego tomar algunha decisión derivada dos datos do sumario da “operación Orquestra”?

Pazo do Parlamento, 25 de abril de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

José Manuel Lage Tuñas na data 25/04/2011 16:23:07

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Nesta pasada Semana Santa estivo a piques de acontecer unha traxedia no porto de Camariñas. Unha das varandas que protexen o vello espigón cedeu cando dúas persoas maiores se apoiaron nela precipitándose ambas as dúas ás escaleiras, situadas varios metros mais abaixo, e de alí ao mar. O accidente quedou en danos graves, que puideron ser fatais, de non coincidir nese momento e nese lugar varias persoas que acudiron no seu auxilio. A pesar diso, as dúas persoas accidentadas necesitaron de atención hospitalaria e, unha delas, incluso internamento nun primeiro momento por tragar moita auga xa que, ao parecer, quedou inconsciente e boca abaixo na dársena.

As carencias de mantemento neste porto non son novas nin de agora. Era un segredo a voces que esta varanda estaba solta e, segundo algunha testemuña, o asunto xa fora comunicado a Portos de Galicia.

As deputadas e os deputados que asinan, diante da situación producida, preguntan ao Goberno galego as seguintes cuestións:

1.^a) Ten coñecemento Portos de Galicia da situación á que facemos referencia nesta iniciativa?

2.^a) Téñense producido denuncias, reclamacións ou avisos en Portos de Galicia sobre a precaria situación da varanda situada no antigo espigón do vello porto de Camariñas?

3.^a) Se é así, por que non se teñen tomado medidas para solucionar o problema?

4.^a) Cantas visitas ten realizado o Sr. presidente do ente público



 Grupo Parlamentario

Portos de Galicia a Camariñas dende que tomou posesión do seu cargo?

..... 5.^a) En que datas?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6.^a) Con que obxecto cada unha delas?

..... 7.^a) Nunca lle comentaron o estado desta varanda en ningunha desas visitas?

8.^a) Cantos recursos, e con que persoal conta Portos de Galicia, para mantemento das instalacións portuarias existentes en Camariñas?

9.^a) Cantos recursos destina Portos de Galicia o mantemento e conservación das instalacións portuarias da Comunidade autónoma dependentes deste ente público?

10.^a) Que medidas pensa adoptar Portos de Galicia para previr, ate onde sexa posible, accidentes dentro das instalacións portuarias dependentes do Ente Público?

Pazo do Parlamento, 25 de abril de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 25/04/2011 18:41:19

María José Caride Estévez na data 25/04/2011 18:41:23

José Manuel Gallego Lomba na data 25/04/2011 18:41:40



 Grupo Parlamentario

Francisco Xulio Cerviño González na data 25/04/2011 18:41:46

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

A MESA DO PARLAMENTO

Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Jaime Castiñeira Broz, deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

A Muralla romana de Lugo, un dos máis emblemáticos monumentos do patrimonio galego, Patrimonio da Humanidade, precisa da atención permanente por parte das Administracións Públicas para evitar o seu deterioro e contribuír a manter o bo estado da súa conservación e potenciar tamén a súa promoción como máximo atractivo monumental da cidade de Lugo.

Por isto se pregunta:

Cales son os Plans da Xunta de Galicia para o mantemento e conservación da Muralla romana de Lugo?.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2011

Asinado dixitalmente por:

Daniel Luis Varela Suancez-Carpegna na data 26/04/2011 11:36:15

Jaime Castiñeira Broz na data 26/04/2011 11:36:21



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2011 12:40
Nº Rexistro: 64265
Data envío: 26/04/2011 12:40:02.765

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa aos recortes nas bibliotecas públicas.

As bibliotecas públicas realizan unha función social básica á hora de garantir un acceso sen discriminacións á cultura e á educación. Función social que nun momento de crise como a actual é máis crucial. A crise provoca unha diminución do gasto da cidadanía en cultura, particularmente en adquisición de libros. Neste contexto de crise as bibliotecas debían potenciar o seu papel garantindo a todas as persoas o acceso á cultura, ao ocio e á educación sen discriminacións pola súa posición social e ingresos.

Porén, ao longo desta lexislatura, a Xunta de Galiza ven aplicando un recorte continuo dos fondos destinados ás bibliotecas públicas. A creación dunha Dirección Xeral do Libro non está a supor ningún paso adiante na promoción do libro e da lectura. Semella unha tapadeira para agochar os importantes retrocesos e recortes que está aplicando. En dous anos, o programa de Bibliotecas, Arquivos, Museos e Equipamentos Culturais sufriu un recorte do 53,50%, pasando dunha dotación superior aos 18 millóns de euros no ano 2009, a 8,6 millóns no 2011. Uns recortes que non teñen xustificación na crise económica, pois son claramente superiores ao recorte sufrido polos orzamentos da Xunta. Estamos ante unha decisión política do Goberno e do Grupo Parlamentar Popular, que ten apostado por recortes no acceso á educación e cultura nun momento de crise.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2011 12:40
Nº Rexistro: 64265
Data envío: 26/04/2011 12:40:02.765

O BNG ven denunciado, ao longo desta lexislatura, estes recortes, reclamando unha reorientación das prioridades no Goberno. Investir nas bibliotecas é apostar por unha sociedade culta e cun acceso igualitario á mesma. Non poden entenderse os fastos e gastos suntuarios mentres se recorta a cultura de base. Convén lembrar que o ano 2010 foi declarado Ano do Libro e da Lectura, destinando máis de 2,5 millóns de euros a esta celebración, sen que ate o momento se nos detallara a que se destinou tan importante cantidade. Con todo, resulta evidente que esta declaración e estes fondos públicos non supuxeron ningunha mellora nin impulso real ao libro e a lectura. Unha política de despilfarro inadmisíbel e que dá conta da desorientación e falta de política cultural do actual goberno.

Recentemente, a Asociación ANABAD-Galicia -que agrupa aos profesionais dos servizos de arquivos, bibliotecas e centros de documentación de Galiza- fixo público un comunicado no que quixeron “manifestar a súa preocupación coa situación actual das partidas orzamentarias destinadas ás bibliotecas públicas”. Esta preocupación susténtase en denuncias moi concretas como:

- a eliminación das axudas para a adquisición de fondos documentais destinada a bibliotecas públicas.
- o recorte do programa Letras Vivas, reducindo os fondos e enviando directrices para que as actividades se concentren nos meses de abril e maio, deixando ermo o resto do ano.
- Eliminación do programa de formación para os traballadores e traballadoras das bibliotecas da rede.

Consideramos errática esta política e denunciámos que a consecuencia da mesma é lastrar o desenvolvemento dun sistema bibliotecario moderno, acorde coas demandas que existen na sociedade galega.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2011 12:40
Nº Rexistro: 64265
Data envío: 26/04/2011 12:40:02.765

Polo dito, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:


- 1.^a) Que razóns -de existiren- levaron á Xunta de Galiza a aplicar uns recortes orzamentarios tan drásticos nas partidas destinadas ás bibliotecas públicas?
- 2.^a) Que razóns levaron á Xunta de Galiza a eliminar o programa de axudas para a adquisición de fondos documentais destinados ás bibliotecas públicas?
- 3.^a) É consciente a Xunta de Galiza de que este recorte provocará que non cheguen as novidades editoriais ás bibliotecas galegas?
- 4.^a) Que fondos ten previsto destinar a Xunta de Galiza no ano 2011 ao programa Letras Vivas? Que cantidades se dedicaban nos anos 2009 e 2010?
- 5.^a) Que razóns levaron á Xunta de Galiza a eliminar o programa de formación dos e das profesionais das bibliotecas da rede galega?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2011 12:40
Nº Rexistro: 64265
Data envío: 26/04/2011 12:40:02.765

Ana Belén Pontón Mondelo na data 26/04/2011 12:38:49



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/04/2011 13:51
Nº Rexistro: 64271
Data envío: 26/04/2011 13:51:51.499

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Isabel Sánchez Montenegro, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A Asociación Cultural Moendo Vivo ten impulsado un proceso de recuperación de catro muíños na parroquia de Luaña, no concello de Brión. Esta asociación puxo en marcha un proxecto de uso cultural que recupera e pon en valor o noso patrimonio patrimonial. O proxecto non só recuperou arquitectonicamente os muíños, senón tamén o seu funcionamento. É dicir, non se trata só de amosar como eran, senón tamén como funcionaban. Para tal finalidade esta asociación solicitou a Augas de Galiza a concesión dunha captación de auga procedente do río Goiáns, que foi resolta o 21 de xaneiro de 2009.

O pasado mes de marzo, Augas de Galiza enviou unha comunicación a esta asociación advertindo que a administración pode iniciar un expediente de caducidade da concesión. Nesta notificación faise referencia a que falta un documento no expediente (o de finalización das obras), mais sorprende que agora se requira a instalación dun contador. Estamos ante unha solicitude para poder usar auga para facer unha demostración de como funcionan os muíños, cun carácter meramente cultural, sen ánimo de lucro. Non se entende este novo requirimento a non ser que a Xunta pretenda aplicar o cobro do canon da auga, unha pretensión que consideramos desafortunada e inxusta.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 26/04/2011 13:51

Nº Rexistro: 64271

Data envío: 26/04/2011 13:51:51.499

Polo dito, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- 1.^a) En que situación se atopa na actualidade a concesión de auga procedente do río Goiáns solicitada pola Asociación Cultural Moendo Vivo?
- 2.^a) Que razóns xustifican que se lles requira a instalación dun contador?
- 3.^a) Ten previsto a Xunta de Galiza aplicarlles o canon da auga a esta asociación polo uso recreativo e cultural de catro muíños?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Isabel Sánchez Montenegro

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 26/04/2011 13:49:09

Isabel Sánchez Montenegro na data 26/04/2011 13:49:15

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos que dirixía a Sra. Gallego Calvar, no Goberno bipartito, vendo a patente indefensión e desprotección económica na que se atopaban centos de mariscadoras que superaban os 65 anos de idade e que non podían recibir ningún tipo de retribución pública alternativa pola vía das prestacións da Seguridade Social, publicou a Orde de 8 de agosto 2007 (DOG 155 do venres 10 de agosto de 2007) *pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para que as mariscadoras a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de conseguir pensión de xubilación*. Nese mesmo ano publicouse a Orde do 30 de novembro onde se convocaban as axudas para o seguinte exercicio económico.

Estas ordes fóronse publicando nas mesmas condicións ao longo dos seguintes anos, incluso polo Goberno actual para a convocatoria de 2010. Estas condicións recollían unha axuda mensual para facer fronte os pagos á Seguridade Social a través do convenio existente, e unha pequena axuda de subsistencia xa que estas persoas se vían privadas de todo tipo de ingreso ao non poder acceder ao Permex é, en consecuencia, verse privadas de poder mariscar.

En concreto, as distintas convocatorias de axuda contemplaban dous módulos:

A.- De importe mensual igual ao correspondente á pensión mínima de xubilación para maiores de 65 anos (sen conxugue a cargo).

B.- De importe mensual igual ao da cota dun convenio especial coa base mínima do grupo III, tarifa 9, do réxime especial dos traballadores do mar.

A Consellaría do Mar convoca este ano, na Orde do 10 de xaneiro de 2011, as axudas correspondentes circunscritas exclusivamente ao *importe do convenio suscrito coa Seguridade Social e, en ningún caso, por importe superior a 350 euros*.

Iso significou privar a todo este colectivo, ben modesto en comparación con calquera outro, de todo tipo de ingreso ata o momento en que poidan acceder á pensión contributiva da Seguridade Social. As razóns alegadas pola Sra. Quintana, polo propio presidente da Xunta de Galicia e polos voceiros do Grupo



Grupo Parlamentario

Parlamentario Popular, foron moitas e moi variadas; algunhas delas merecerían, incluso, entrar na Antoloxía do Disparate, por canto falaban de “colectivo privilexiado”, “discriminación do resto de traballadores”, “inxustiza manifesta”, e un longo etc, que pretendía xustificar unha das decisións políticas máis controvertidas e máis inxustas que ningún goberno adoptase nunca.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Chegouse a extremos de implicar no debate a colectivos “amigos”, que fixeron o triste papel de esquiroles sociais, repetindo, como a manada de ovellas que *Orwell* sitúa nas asembleas celebradas no alpendre da Granxa Major, “a conselleira ten razón... a conselleira ten razón... a conselleira ten razón...”

Hoxe vimos de coñecer, a través dos medios de comunicación, que o sentido común atopou acubillo nunha mesa de negociación entre Administración, sindicatos e colectivos representativos das mariscadoras afectadas. Se iso é así non podemos por menos de felicitarnos todos pola restitución dunha medida, modesta na súa contía, pero inmensa na súa repercusión e na mensaxe de solidariedade e de xustiza social que agocha.

Pero, tamén, nos deixa un pouso de preocupación inmensa xa que, vistas estas e outras decisión que a Consellaría do Mar ten tomado en dous anos escasos de goberno, confírmanse os noso temores de que na Xunta de Galicia, e neste departamento con maior acento, non existe un modelo económico e social claro e que as decisións se toman a golpe de improvisación, cando non motivadas polo sectarismo e por fobias indignas dun gobernante, xa que non podemos deixar de lembrar que, na Cámara galega, téñense presentado un número importante de iniciativas instando o Goberno a restituír o Plan de pensións das mariscadoras sen que, por parte da conselleira do Mar e do Grupo Parlamentario Popular obtivéramos máis que descualificacións e negativas cargadas de resentimento.

As deputadas e os deputados que asinan, diante de semellante estado de cousas, formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Por que a Consellaría do Mar se corrixe a si mesma e reintroduce o Plan de pensións das mariscadoras que anulou hai escasos meses?

2.^a) Por que a Consellaría do Mar suprimiu, no seu día, o Plan de pensións para as mariscadoras, alegando razóns de privilexio, discriminación cara ao resto do colectivo, e outras razóns de semellante índole?

3.^a) Alguén tómase a molestia, na Consellaría do Mar, de planificar e de establecer prioridades na acción política a medio e a longo prazo?

4.^a) Cales, e cantas, irregularidades detectou a Consellaría do Mar - denunciadas pero nunca explicadas pola Sra. Quintana- na percepción das axudas establecidas a través do Plan de pensións para mariscadoras?



 Grupo Parlamentario

5.^a) Por que se rexeitaron todas as iniciativas da oposición que demandaban a restitución deste Plan de pensións coa mesma filosofía coa que foi creado pola Sra. Gallego Calvar, cando agora, pola vía dos feitos, se reconece a xustiza das súas propostas e demandas?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6.^a) Valorou a Sra. Quintana o triste papel que lle fixo xogar a distintos colectivos “amigos” e aos voceiros da súa propia formación política que saíron en defensa da inxusta decisión que agora se corrixe?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 26/04/2011 17:55:13

María José Caride Estévez na data 26/04/2011 17:55:36

José Manuel Gallego Lomba na data 26/04/2011 17:56:06

Francisco Xulio Cerviño González na data 26/04/2011 17:56:09

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

A Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos que dirixía a Sra. Gallego Calvar, no Goberno bipartito, vendo a patente indefensión e desprotección económica na que se atopaban centos de mariscadoras que superaban os 65 anos de idade e que non podían recibir ningún tipo de retribución pública alternativa pola vía das prestacións da Seguridade Social, publicou a Orde de 8 de agosto 2007 (DOG 155 do venres 10 de agosto de 2007) *pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para que as mariscadoras a pé poidan completar os períodos mínimos de cotización ao réxime especial dos traballadores do mar co obxecto de conseguir pensión de xubilación*. Nese mesmo ano publicouse a Orde do 30 de novembro onde se convocaban as axudas para o seguinte exercicio económico.

Estas ordes fóronse publicando nas mesmas condicións ao longo dos seguintes anos, incluso polo Goberno actual para a convocatoria de 2010. Estas condicións recollían unha axuda mensual para facer fronte os pagos á Seguridade Social a través do convenio existente, e unha pequena axuda de subsistencia xa que estas persoas se vían privadas de todo tipo de ingreso ao non poder acceder ao Permex é, en consecuencia, verse privadas de poder mariscar.

En concreto, as distintas convocatorias de axuda contemplaban dous módulos:

A.- De importe mensual igual ao correspondente á pensión mínima de xubilación para maiores de 65 anos (sen conxugue a cargo).

B.- De importe mensual igual ao da cota dun convenio especial coa base mínima do grupo III, tarifa 9, do réxime especial dos traballadores do mar.

A Consellaría do Mar convoca este ano, na Orde do 10 de xaneiro de 2011, as axudas correspondentes circunscritas exclusivamente ao *importe do convenio suscrito coa Seguridade Social e, en ningún caso, por importe superior a 350 euros*.

Iso significou privar a todo este colectivo, ben modesto en comparación con calquera outro, de todo tipo de ingreso ata o momento en que poidan acceder á pensión contributiva da Seguridade Social. As razóns alegadas pola Sra. Quintana, polo propio presidente da Xunta de Galicia e polos voceiros do Grupo



Grupo Parlamentario

Parlamentario Popular, foron moitas e moi variadas; algunhas delas merecerían, incluso, entrar na Antoloxía do Disparate, por canto falaban de “colectivo privilexiado”, “discriminación do resto de traballadores”, “inxustiza manifesta”, e un longo etc, que pretendía xustificar unha das decisións políticas máis controvertidas e máis inxustas que ningún goberno adoptase nunca.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Chegouse a extremos de implicar no debate a colectivos “amigos”, que fixeron o triste papel de esquiroles sociais, repetindo, como a manada de ovellas que *Orwell* sitúa nas asembleas celebradas no alpendre da Granxa Major, “a conselleira ten razón... a conselleira ten razón... a conselleira ten razón...”

Hoxe vimos de coñecer, a través dos medios de comunicación, que o sentido común atopou acubillo nunha mesa de negociación entre Administración, sindicatos e colectivos representativos das mariscadoras afectadas. Se iso é así non podemos por menos de felicitarnos todos pola restitución dunha medida, modesta na súa contía, pero inmensa na súa repercusión e na mensaxe de solidariedade e de xustiza social que agocha.

Pero, tamén, nos deixa un pouso de preocupación inmensa xa que, vistas estas e outras decisión que a Consellaría do Mar ten tomado en dous anos escasos de goberno, confirmanse os noso temores de que na Xunta de Galicia, e neste departamento con maior acento, non existe un modelo económico e social claro e que as decisións se toman a golpe de improvisación, cando non motivadas polo sectarismo e por fobias indignas dun gobernante, xa que non podemos deixar de lembrar que, na Cámara galega, téñense presentado un número importante de iniciativas instando o Goberno a restituír o Plan de pensións das mariscadoras sen que, por parte da conselleira do Mar e do Grupo Parlamentario Popular obtivéramos máis que descualificacións e negativas cargadas de resentimento.

As deputadas e os deputados que asinan, diante de semellante estado de cousas, formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Por que a Consellaría do Mar se corrixe a si mesma e reintroduce o Plan de pensións das mariscadoras que anulou hai escasos meses?

2.^a) Por que a Consellaría do Mar suprimiu, no seu día, o Plan de pensións para as mariscadoras, alegando razóns de privilexio, discriminación cara ao resto do colectivo, e outras razóns de semellante índole?

3.^a) Alguén tómase a molestia, na Consellaría do Mar, de planificar e de establecer prioridades na acción política a medio e a longo prazo?

4.^a) Cales, e cantas, irregularidades detectou a Consellaría do Mar - denunciadas pero nunca explicadas pola Sra. Quintana- na percepción das axudas establecidas a través do Plan de pensións para mariscadoras?



 Grupo Parlamentario

5.^a) Por que se rexeitaron todas as iniciativas da oposición que demandaban a restitución deste Plan de pensións coa mesma filosofía coa que foi creado pola Sra. Gallego Calvar, cando agora, pola vía dos feitos, se reconece a xustiza das súas propostas e demandas?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6.^a) Valorou a Sra. Quintana o triste papel que lle fixo xogar a distintos colectivos “amigos” e aos voceiros da súa propia formación política que saíron en defensa da inxusta decisión que agora se corrixe?

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 26/04/2011 17:55:13

María José Caride Estévez na data 26/04/2011 17:55:36

José Manuel Gallego Lomba na data 26/04/2011 17:56:06

Francisco Xulio Cerviño González na data 26/04/2011 17:56:09



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 64286
Data envío: 26/04/2011 18:40:20.230

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa aos gastos nos que incorre a Consellaría do Mar en materia de convenios con medios de comunicación para accións de publicidade e propaganda.

A Consellaría do Mar está a utilizar a grave crise económica que padece Galiza unicamente como coartada para xustificar o recorte de investimentos en accións produtivas e de carácter social. Porque sería inxustificábel, na gravidade do actual contexto económico e social, manter convenios e contratos millonarios con algúns grupos e medios de comunicación. Dende o acceso do Partido Popular á Xunta de Galiza, o BNG ten detectado, como mínimo (excluído o ano 2011, e tamén os gastos en publicidade de Portos de Galiza, ente adscrito á Consellaría do Mar) un gasto de 2.382.126 euros, só da Consellaría do Mar, en convenios e contratos con medios de comunicación, coa seguinte distribución:

- Grupo Voz de Galicia: 539.025
- RTVG: 490.485
- “Faro de Vigo”: 265.557
- Editorial Compostela, S.A: 202.959
- Galicia Proxectos de Comunicación, S.L.: 180.359
- Editorial La Capital, S.L.: 163.010
- “La Opinión”: 107.192
- Rías Baixas Comunicación, S.A.: 105.829



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 64286
Data envío: 26/04/2011 18:40:20.230

- Lérez Ediciones, S.L.: 44.603
- Medios autonómicos de radiodifusión gallegos, S.L.: 43.764
- Televisión Salnés Canal Rías Baixas: 37.220
- “La Región”: 26.723
- Axencia Galega de Noticias: 20.868
- Localia TV: 20.477
- Advert Comunicación, S.L.: 20.332
- Grupo Negocios de Edición e Publicación (Alcobendas, Madrid): 20.200
- Cadena Ser: 19.983
- Galicia Media: 18.055
- Televigo: 11.000
- Radio Popular, S.A. (COPE): 11.000
- Uniprex, S.A. (Onda Cero): 10.000
- “El Mundo” (“El mundo del siglo veintiuno del País Vasco”): 6.000
- Unión Editorial, S.A.: 6.000
- España Exterior Publicaciones, S.L.: 6.000
- “ABC”: 5.500

Gastar 2.382.136 do erario público galego en actuacións de propaganda e publicidade, mentres simultaneamente non se gasta o 50% (dados oficiais da execución orzamentaria correspondente ao ano completo 2010) dos orzamentos da Consellaría do Mar, nun contexto de grave crise económica como a que se padece, que afecta especialmente aos milleiros de homes e mulleres que conforman o sector pesqueiro galego, é, sinxelamente, obsceno.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 64286
Data envío: 26/04/2011 18:40:20.230

A Consellaría do Mar afirma recortar investimentos sociais e produtivos no nome dunha cacarexada “austeridade” que logo non se practica en materia de publicidade e propaganda.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo:

1.^a) Parécelle útil para o sector pesqueiro galego que a Consellaría do Mar, en só ano e medio, gaste case 2’4 millóns de euros en contratos e convenios con medios de comunicación?

2.^a) Ten previsto reducir esta cifra no ano 2011?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 26/04/2011 18:32:00



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 64289
Data envío: 26/04/2011 19:18:02.827

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e María do Carme Adán Villamarín, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás accións que vai desenvolver a Xunta de Galiza para solucionar a falta de prazas no Colexio de Agra do Muíño.

Ames é un dos concellos da comarca de Santiago que ven crescendo en poboación. Consecuencia destes incrementos de poboación é xa recorrente a existencia de problemas coa dotación de prazas escolares, que son claramente insuficientes. Hai moitas iniciativas do Grupo Parlamentar do BNG trasladando estes problemas, sen que a administración educativa teña dado respostas atinadas. Neste momento trasladamos a nosa preocupación pola falta de prazas públicas nos centros de infantil para a totalidade dos nenos e nenas do concello.

Neste sentido, o Grupo Municipal do BNG ven de presentar unha proposta para que o Concello poña a disposición da Xunta de Galiza as aulas de Aldea Nova. Con esta medida garantiríase a escolarización pública de todos os nenos e nenas que non teñen praza nos centros Agro do Muíño e A Maía. Esta proposta, non é definitiva, senón unha solución inmediata e temporal mentres non se habilitan novas prazas. Ao tempo, que estes nenos e nenas deberán recibir un tratamento conxunto e deberán ter garantidos todos os servizos cos que contarían no CEIP. Convén lembrar que este espazo de Aldea Nova xa foi empregado como solución temporal mentres non abriu o CEIP Agro do Muíño. As instalacións de Aldea Nova cumpren as condicións para



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 64289
Data envío: 26/04/2011 19:18:02.827

ofertar o servizo de Bos Días e comedor, e só precisarían o equipamento por parte da Xunta.

A fin de coñecer as accións que vai desenvolver a Xunta de Galiza para garantir a escolarización -en prazas públicas- de todos os nenos e nenas de infantil e primaria no concello de Ames, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- 1.^a) Ten realizado a Xunta de Galiza algún estudo sobre o déficit de prazas públicas no ensino infantil e de primaria no concello de Ames?
- 2.^a) É consciente a Xunta de Galiza que as prazas existentes non cobren toda a demanda que se rexistra neste concello?
- 3.^a) Ten previsto adoptar algunha medida para garantir que todos os nenos e nenas deste concello teñan garantida unha praza pública no termo municipal?
- 4.^a) Que disposición ten a Xunta de Galiza á hora de poñer en marcha unha medida como a que se recolle nesta pregunta, empregando o aulario que existe en Aldea Nova?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

María do Carme Adán Villamarín



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 64289
Data envío: 26/04/2011 19:18:02.827

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 26/04/2011 19:15:10

Isabel Sánchez Montenegro na data 26/04/2011 19:15:18

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga e María Carmen Acuña do Campo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Concello de Santiago de Compostela organizou un ciclo, titulado A Memoria Silenciada: Conxo e Compostela, que incluía unha conferencia sobre Ánxel Casal, editor de Nós e alcalde de Santiago asasinado no verán do 36, así como outros actos que tiñan como obxectivo dar a coñecer a historia da xente de Conxo e o Hospital ao longo da guerra civil e o franquismo.

Este ciclo contaba coa autorización do Hospital Psiquiátrico de Conxo para proceder, durante os meses de xuño e xullo a proxectar tres películas sobre a represión franquista en Galicia, a saber: A lingua das bolboretas, de José Luis Cuerda; O lapis do carpinteiro, de Antón Reixa, e A Capitana, de Antón Dobao. Os filmes serían proxectados no claustro do Hospital, ao ar libre; por certo, xa no pasado o Hospital acolleu actividades de carácter cultural sen dificultades.

Pois ben, despois de seren autorizadas estas proxeccións e unha vez celebrados os primeiros actos do ciclo suspendeuse, sen motivos, esta autorización, o que pode deixar o programa inconcluso. Pode interpretarse que esta cancelación está directamente relacionada coa denuncia da represión producida durante a guerra civil e o franquismo, que as autoridades da consellaría pretenderían que seguise estando oculta.

En consecuencia, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas dirixidas á Sra. conselleira de Sanidade:

- 1.^a) Que razóns explican a revocación da autorización para a proxección das devanditas películas?
- 2.^a) Considera vostede que os contidos do lapis co carpinteiro, A lingua das bolboretas ou A Capitana son impropios para proxectarse no Claustro do Hospital Psiquiátrico de Conxo?



 Grupo Parlamentario

3.^a) Ofreceu ao Concello de Santiago algunha alternativa?

4.^a) Considera que o Hospital Psiquiátrico de Conxo debe colaborar en ciclos culturais destas características?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 26 de abril de 2011

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
María Carmen Acuña do Campo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/04/2011 19:17:18

María del Carmen Acuña do Campo na data 26/04/2011 19:17:27



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 64292
Data envío: 26/04/2011 19:53:18.333

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas previstas para a mellora da coordinación e a dignificación sociolaboral do colectivo de gardapescas marítimos dependentes das confrarías e doutras entidades do sector pesqueiro e marisqueiro.

Na Galiza, ademais do labor do Servizo de Gardacostas de Galiza, realizan accións de protección e vixilancia dos recursos mariños un colectivo de vixilantes ou gardapescas marítimos contratados fundamentalmente por confrarías e outras entidades deste sector produtivo, en moitas ocasións ao amparo de achegas económicas procedentes da Consellaría do Mar para este cometido.

Porén, este sistema (que por certo facilita o control político da Consellaría do Mar sobre as entidades do sector), xera disfuncións, descoordinación nos efectivos de loita contra o furtivismo, e desigualdades no propio colectivo de traballadores.

Os gardapescas galegos non teñen funcións recoñecidas no marco legal vixente en materia pesqueira. Non están recoñecidos na vigorante Lei de Pesca, e descoñécese calquera tipo de regulación das súas funcións e cometidos, o que os leva a unha situación de indefinición que, sen dúbida, empeora as condicións de loita contra o furtivismo.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 64292
Data envío: 26/04/2011 19:53:18.333

Do punto de vista laboral e retributivo a situación é caótica. Aínda que o subsidio por gardapesca se sitúa nos 1.124 euros, hai traballadores que perciben cantidades similares a esta cifra, e outros que apenas chegan aos 600 euros/mes. Depende de cada entidade, e as percepcións oscilan en función de criterios non obxectivábeis. Sumémoslle a este feito a diversidade de funcións que desenvolven, pois nalgunhas confrarías, a vixilancia pesqueira compatibilízase, ou mesmo substitúese polo traballo de lonxeiro, manipulación de guindastres, estivado de caixas, e as actividades máis diversas.

Por outra banda, os operativos de combate ao furtivismo (en moitas ocasións auténticas operacións propagandísticas e de exaltación gubernamental, mais sen resultados prácticos) protagonizados polo Servizo de Gardacostas de Galiza non teñen ningún tipo de coordinación cos gardapescas, o que fai minorar a súa efectividade, entre outras razóns por descoñecemento do territorio e do contexto máis concreto.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo:

- 1.^a) Cantos gardapescas desenvolven a día de hoxe o seu traballo na Galiza?
- 2.^a) En que entidades do sector, e en que número en cada caso?
- 3.^a) Cantas embarcacións e vehículos están vinculadas a este servizo en cada unha das entidades?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 64292
Data envío: 26/04/2011 19:53:18.333

4.^a) Ten previsto a Consellaría do Mar definir as funcións, cometidos, responsabilidades e competencias destes traballadores?

5.^a) Iniciará negociacións con este obxectivo?

6.^a) En caso positivo, en que prazo?

7.^a) Cales considera que son, a día de hoxe, as súas funcións, e en que texto normativo se determinan?

8.^a) Ten previsto establecer condicións que homologuen as condicións retributivas deste colectivo e garantan a súa estabilidade e dignificación sociolaboral?

9.^a) Considera que o proceso de tramitación de denuncias, pasando polo filtro das confrarías, garante a efectividade deste servizo?

10.^a) Vaise protocolizar a colaboración e coordinación entre gardapescas e Servizo de Gardacostas de Galiza?

11.^a) Ten previsto elaborar un modelo básico homologado e normalizado de actas para uso por este servizo en todas as confrarías?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 64292
Data envío: 26/04/2011 19:53:18.333

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 26/04/2011 19:50:31



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 64293
Data envío: 26/04/2011 19:53:54.520

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao incremento de sinistrabilidade na náutica recreativa.

En apenas unha semana cabe lamentar no litoral galego tres traxedias vinculadas á práctica da pesca deportiva.


Trátase da desaparición do único tripulante da embarcación “Fly”, na ría de Corcubión, e doutros dous pescadores desaparecidos en Cabo Ortegal e na illa de Ons (neste último caso rescatado o seu cadáver).

A elevada taxa de sinistralidade que rexistra na Galiza a práctica náutico-recreativa precisa da adopción de medidas específicas, correctoras, que freen o número de traxedias humanas que padece este país.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo:

1.^a) Que información posúe a Consellaría do Mar sobre as causas e circunstancias que rodean os tres casos citados?

2.^a) Que operativo de busca e salvamento, e en que momento, se activou en cada caso dos tres casos?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 64293
Data envío: 26/04/2011 19:53:54.520

3.^a) Que avaliación realiza a Consellaría do Mar sobre a situación, que do punto de vista da seguranza, padece a práctica da pesca náutico-recreativa na Galiza?

4.^a) Que medidas deben ser adoptadas para a mellora da seguranza neste ámbito?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 26/04/2011 19:49:15



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 64296
Data envío: 26/04/2011 19:57:33.938

Á Mesa do Parlamento

Isabel Sánchez Montenegro, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A mediados de abril deste ano diversos medios de comunicación alertaban da presenza no encoro de Vilasouto (O Incio) dunha mancha de grandes dimensións e ton avermellado.

Pouco despois, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil comunicaba que esa extensa contaminación da lámina de auga podía estar causada por unha explosión de cianobacterias do xénero *Planktothrix Rubescens*, potencialmente produtoras dunha variedade de cianotoxinas como é a microcystina. Ao morrer as cianobacterias estas liberan as súas toxinas na corrente de auga, onde son moi solúbeis e moi difíciles de eliminar por medio dos sistemas xerais de depuración. Ademais, a resultas do tratamento de depuración, poden dar lugar a compostos químicos igualmente preocupantes para a saúde como son o benceno e os cloroderivados.

Despois de varios días, a preocupación entre os veciños e veciñas que consumían, ou consumen, auga procedente deste encoro está a medrar mentres as diferentes administracións non clarexan a orixe e posíbeis consecuencias da proliferación de microbacterias no encoro de Vilasouto.

No Bloque Nacionalista Galego consideramos fundamental, ante a preocupante contaminación da auga, non só adoptar as medidas que aseguren a



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 64296
Data envío: 26/04/2011 19:57:33.938

salubridade da auga potábel, senón tamén informar con total transparencia á poboación sobre as analíticas realizadas, sobre os riscos do consumo da auga e sobre as medidas adoptadas para garantir a calidade do abastecemento. Consideramos que é preciso informar con claridade ós veciños e veciñas dos concellos afectados e aclarar as dúbidas desta sobre a orixe do problema, así como, das consecuencias que poden carrear ás persoas e ao medioambiente.

Polo exposto, formulamos as seguintes preguntas:


1.^a) Dado que son varias as Administracións con competencias no tema, quen está a analizar a situación das augas do encoro de Vilasouto? Quen ten que garantir a súa salubridade e a súa aptitude para o consumo humano? E, quen coordina os traballos das administracións implicadas?

2.^a) Con que periodicidade se facían as analíticas antes da detención da contaminación das augas e con que periodicidade estanse a facer nestes intres?

3.^a) Por que razón a consellaría de Sanidade non ten dado a coñecer oficialmente os resultados das análises de auga realizadas ate o momento?

4.^a) É certo que nesas analíticas se teñen detectado niveis de microcistina que desaconsellan o consumo doméstico? En que cantidade? Cales son os parámetros mínimos de seguridade?

5.^a) De ser así, que medidas ten adoptado e/ou recomendado a Consellaría de Sanidade para evitar o consumo de auga contaminada?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 64296
Data envío: 26/04/2011 19:57:33.938

6.^a) Que apoio técnico e/ou económico está a prestar a Consellaría de Sanidade ós concellos afectados para que estes podan garantir a calidade da auga ós seus veciños e veciñas?

7.^a) Que medidas ten solicitado a Consellaría de Sanidade da Confederación Hidrográfica Miño-Sil para poder dar por rematado, canto antes, este episodio de contaminación?

8.^a) Cal é a causa de que aparezan cianobacterias no encoro de Vilasouto?

9.^a) Ten ocorrido este mesmo fenómeno en anos anteriores?

10.^a) Que medidas habería que adoptar para que non se repita o incidente?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2011.

Asdo.: Isabel Sánchez Montenegro
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Isabel Sánchez Montenegro na data 26/04/2011 19:55:27



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 10:18
Nº Rexistro: 64304
Data envío: 27/04/2011 10:18:43.877

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á desaparición dun mariñeiro galego tripulante do atuneiro “Galerna”.

O pasado 22 de abril desaparecía a unhas 240 millas da costa de Senegal un mariñeiro galego tripulante do atuneiro “Galerna”, de capital basco. Lamentando unha nova traxedia no mar, cumpre pór en marcha unha análise e investigación sobre o ocorrido que evite no futuro dramas similares, e esclareza o acontecido neste caso.

Este é o motivo que leva ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo:

1.^a) Que información posúe a Consellaría do Mar sobre as causas e circunstancias que rodean a desaparición do noso compatriota?

2.^a) Que medidas concretas, por que administración en cada caso, e en que momento concreto (día e hora UTC) se adoptaron para articular o operativo de busca?

3.^a) Que medios participaron, e desde que momento (día e hora UTC) foron activados neste dispositivo?

4.^a) Que nivel de coordinación e colaboración existe por este motivo entre os gobernos español, marroquino, senegalés, caboverdiano e a Xunta de Galiza?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 10:18
Nº Rexistro: 64304
Data envío: 27/04/2011 10:18:43.877

5.^a) Baixo que bandeira navega o “Galerna”?

6.^a) Que buques, e en que momento (día e hora UTC) deron acuse de recibo do preceptivo Mayday Relay?

7.^a) En que momento (día e hora UTC) se emitiu o Mayday Relay?

8.^a) Cales son as previsións de mantemento do operativo de busca?

9.^a) É de aplicación neste caso algún seguro?

10.^a) En caso positivo, en que condicións?

11.^a) Vaise abrir unha investigación que esclarezca o ocorrido?

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 27/04/2011 10:13:45

Á Mesa do Parlamento

Marta Valcárcel Gómez, Jesús A. Goldar Güimil, Rosa Oubiña Solla e José Fervenza Costas, deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

As Comarcas do Condado – Paradanta teñen unha poboación superior aos 55.000 habitantes, e forman parte delas os Concellos de Salvaterra de Miño, As Neves, Ponteareas, Mondariz, Mondariz Balneario, Arbo, A Cañiza, Covelo e Crecente.

Estes Concellos teñen como referente médico o PAC de Ponteareas, debido en gran medida a gran distancia que teñen que recorrer a maior parte dos habitantes destas comarcas ata o hospital de referencia en Vigo, o paciente mais cercano ten que desprazarse unha media de 30 minutos e os mais alonxados unha media dunha hora.

Deste modo cobra gran importancia as dotacións e servizos que pode ofrecer este Punto de Atención Continuada aos veciños destas Comarcas, facilitando un diagnóstico axeitado e evitando grandes desprazamentos, en definitiva, dando facilidades aos pacientes e acercando o máximo posible as administracións aos cidadáns, e polo cal realizamos as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito co fin de coñecer os datos relativos ao persoal co que conta o Punto de Atención Continuada de Ponteareas:

Polo cal o PAC cobra unha gran importancia no que se refire á atención de urxencias para estas comarcas e os seus cidadáns, e para o propio hospital de referencia xa que unha boa xestión do PAC axuda a filtrar os pacientes que chegan ao Hospital Meixoeiro.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- En que situación se encontraron o PAC de Ponteareas cando chegaron ao goberno da Xunta?.
- 2.- Cales foron as melloras feitas nestes últimos dous anos no PAC?.
- 3.- Ten previsto a Consellería de Sanidade dotar dalgunha mellora, tanto material coma de medios humanos o dito PAC?.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2011

Asinado dixitalmente por:

Marta Valcárcel Gómez na data 27/04/2011 10:29:19

Jesus Antonio Goldar Güimil na data 27/04/2011 10:29:29

Rosa Oubiña Solla na data 27/04/2011 10:29:34

Jose Fervenza Cóstas na data 27/04/2011 10:29:41



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 12:28
Nº Rexistro: 64312
Data envío: 27/04/2011 12:28:49.993

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas que se adoptarán para lle dar cumprimento ao acordo parlamentar referido á definición dun espazo galego de libre decisión en materia de política pesqueira.

O Pleno do Parlamento de Galiza, na súa sesión do 15 de marzo de 2011 (debate do estado da Nación), aprobaba a seguinte resolución, presentada polo BNG e co voto favorábel do PP, e negativo do PSOE:

O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a definir un espazo de libre decisión en materia marítima e pesqueira, demandando a transferencia á Galiza das seguintes competencias:

- *Navegación marítima e mariña mercante.*
- *Portos de interese xeral do Estado radicados na Galiza: Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa, Ferrol e San Cibrao.*
- *Investigación oceanográfica.*
- *Investigación hidrográfica.*
- *Inspección de buques.*
- *Control de importacións.*
- *Determinación de tallas mínimas.*
- *Dominio público marítimo-terrestre.*
- *Mar territorial (12 millas).*



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 12:28
Nº Rexistro: 64312
Data envío: 27/04/2011 12:28:49.993

Resulta sorprendente o acordo adoptado de xeito maioritario (50 votos favorábeis do BNG e PP, e 24 en contra do PSOE) cando en varias ocasións o Partido Popular se ten posicionado en contra dalgunhas das demandas que agora defende. Con todo, boa e repentina evolución política, se é sincera.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo:

1.^a) Que medidas concretas se adoptarán para lle dar cumprimento ao referido acordo parlamentar, en cada un dos ámbitos competenciais que contempla?

2.^a) En que prazo se farán efectivas?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 27/04/2011 12:16:30



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 12:32
Nº Rexistro: 64316
Data envío: 27/04/2011 12:32:53.379

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa aos resultados prácticos do acordo marco de colaboración en materia de prevención de riscos laborais no sector da pesca de baixura galega.

O 26 de xullo de 2010 asinábase o denominado Acordo Marco de Colaboración entre a Consellaría do Mar, o Instituto Galego de Seguranza e Saúde Laboral (ISSGA) e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores, en materia de prevención de riscos laborais no sector da pesca de baixura na Galiza.

Porén, está a medrar a taxa de sinistralidade laboral precisamente no sector da baixura. Cumpre, daquela, avaliar os resultados prácticos do acordo, e mesmo modificalo para lle outorgar unha funcionalidade realmente positiva.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo:

1.^a) Como avalía o Goberno galego os resultados prácticos da aplicación deste Acordo?

2.^a) Con que cuantía económica está dotado?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 12:32
Nº Rexistro: 64316
Data envío: 27/04/2011 12:32:53.379

3.^a) Que accións concretas se levaron adiante, e con que recursos económicos en cada caso?

4.^a) Que propostas de actuación se formularon ao sector e ás administracións competentes?

5.^a) Cantas reunións, e en que datas, realizou a Comisión Mixta de Seguimento?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 27/04/2011 12:25:30

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pablo Xabier López Vidal, María Quintas Alvarez e Beatriz Sestayo Doce, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa reposta **oral en Comisión**.

Dependente da Xunta de Galicia, o centro de Menores de “Montealagre”, é unha institución de intervención de rapaces e rapazas para o cumprimento de medidas ditadas polos órganos xudiciais en réxime de internamento aberto ou semiaberto.

A política dunha austeridade mal entendida tamén chegou a este tipo de centros e dende fai algún tempo se ven padecendo unha redución orzamentaria importante que se fai efectiva e máis sentida, dende o pasado primeiro de abril.

Esta minoración de recursos públicos afecta directamente a alimentación rebaixando alimentos e limitando cantidades e variedades; a vestimenta na que se suprimen campañas e se opta pola reciclaxe; o material de aseo persoal reduciuse ao máis básico; o material escolar e extraescolar viuse notablemente diminuído, así como tamén algúns produtos de material do ámbito sanitario que non cobre o sistema sanitario público.

Pero os recortes máis transcendentales e que afectan directamente a educación e integración dos rapaces/as é a supresión da formación pre-laboral que ate datas recentes se levou a cabo neste centro de menores: eliminación do taller de mecánica e redución do horario dos outros talleres que se imparten, tendo como resultado unha formación precaria pola falla na continuidade e a aglomeración.

Tendo en conta que estas medidas de recortes orzamentarios están a poñer de manifesto unha precariedade na prestación deste servizo público, a diminución da calidade de vida e do benestar dos menores e do persoal do centro que se sente impotente e sen recursos para poder realizar un óptimo traballo, é polo que o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes para o seu debate en Comisión:



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Que criterios foron seguidos por parte da Xunta de Galicia para proceder a diminución dos recursos orzamentarios destinados a labor que se desenvolve no centro de menores de Montealegre (Ourense)?
2. En que cantidade diminuíron os recursos económicos destinados a este centro de menores nos derradeiros anos?
3. Está aprobada unha reforma integral do centro por importe de 900.000 €? En que consisten as obras e que prazo de execución teñen?
4. Quen toma a decisión de reducir na alimentación, na roupa, no material de aseo e no material educativo?
5. Realizouse memoria de actividades do centro durante os anos 2009 e 2010? Cal é o seu contido?
6. Cal é a relación detallada do persoal co que conta neste intre este centro público de menores?
7. Os talleres que se imparten teñen carácter produtivo e permiten a obtención dunha titulación oficial que capacite laboralmente?
8. Como se xestionan as fugas que se producen do centro en relación coa información que se lle facilita a familia dos menores?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal

María Quintas Alvarez

Beatriz Sestayo Doce

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Pablo Xabier López Vidal na data 27/04/2011 13:39:27

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 27/04/2011 13:39:35

Beatriz Sestayo Doce na data 27/04/2011 13:39:42

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 16:46
Nº Rexistro: 64352
Data envío: 27/04/2011 16:46:51.868

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e María do Carme Adán Villamarín, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á decisión da Xunta de Galiza de non apoiar a iniciativa “Correlingua”, de promoción do galego entre a mocidade.

Hai anos que se ven desenvolvendo na Galiza a iniciativa “Correlingua”, vinculada á defensa e promoción da lingua galega entre a mocidade con actividades fundamentadas na participación e protagonismo das propias mozas e mozos.

Nesta edición, o “Correlingua 2011”, no que participarán máis de 45.000 mozas e mozos (marca histórica), está organizada pola Mesa pola Normalización Lingüística, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), a CIG-Ensino e os concellos de Pontevedra, Compostela, Vigo e Lugo. Colaboran con esta iniciativa as deputacións de Ourense, A Coruña e Lugo, así como os concellos da Coruña e Ourense. Sob o lema “En galego sempre somos”, o Correlingua percorrerá entre o 2 e o 13 de maio as comarcas de Compostela, Baixo Miño, O Morrazo, Ferrolterra, A Mariña, A Estrada, O Carballiño, Ribeira Sacra, Pontevedra, O Salnés, Lugo, Vigo, Ourense e Monterrei. Sen ningunha dúbida, esta é a iniciativa en defensa do galego que obtén a maior participación social de todas as que se organizan. Por suposto, con moito maior suceso que calquera outra organizada institucionalmente pola Secretaría Xeral de Política Lingüística ou por calquera outro departamento do Goberno do Partido Popular.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 16:46
Nº Rexistro: 64352
Data envío: 27/04/2011 16:46:51.868

Mais como se trata xustamente diso, isto é, da defensa coherente e desacomplexada do noso idioma entre a mocidade, e ademais de xeito aberto, participativo e masivo, e co protagonismo da propia mocidade, non se pode permitir. Resulta difícil de explicar que o Goberno galego, cun mandato estatutario e legal de defensa e promoción do galego, decida retirar calquera tipo de apoio á maior iniciativa popular na defensa da nosa lingua. A única xustificación posíbel ten a ver coa estratexia do Presidente Núñez Feijóo de combater a lingua galega e eliminar calquera tipo de instrumento colectivo de dignificación do noso idioma. A Secretaría Xeral de Política Lingüística, deliberadamente, subsidia entidades que non usan ou mesmo se ríen da lingua da nosa Terra, e négalle calquera apoio a quen si a defende. Estes feitos retratan perfectamente a auténtica funcionalidade do Goberno do Partido Popular en relación coa nosa lingua.

Esta son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Por que razón o Goberno galego non apoia o “Correlingua 2011”?


2.^a) É consciente de que esta é a iniciativa en defensa do galego con maior respaldo social de todas as que se organizan na Galiza?

3.^a) Ten previsto modificar este criterio sectorio e excluínste?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

María do Carme Adán Villamarín



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 16:46
Nº Rexistro: 64352
Data envío: 27/04/2011 16:46:51.868

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 27/04/2011 16:38:14

Maria do Carme Adán Villamarín na data 27/04/2011 16:38:25



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Segundo a propia Consellaría do Mar, a campaña de libre marisqueo nos Lombos do Ulla, no Bohido e en Cabío rematou cunha produción de preto de 550 toneladas de distintas especies de bivalvos.

O que aparentemente supón unha cifra importante en canto á cantidade de moluscos extraídos, debe ser posta en relación coa dimensión dos bancos marisqueiros, do número de persoas que atopan neles emprego e, o máis importante de todo, a rendibilidade obtida por todos eles.

Son frecuentes as referencias da Consellaría do Mar o aumento da produtividade e a posta en produción de zonas marisqueiras hoxe improdutivas. Son obxectivos que todos compartimos pero que, dá a impresión, non se teñen dado pasos sólidos nesa dirección.

As deputadas e os deputados que asinan teñen interese en coñecer, por parte da Consellaría do Mar, a resposta ás seguintes preguntas:

1.^a) Cal foi a produción dos Lombos do Ulla, O Bohido e Cabío, especificando especie e cantidade anual por cada un deles, ao longo dos últimos cinco anos?

2.^a) Cal foi o prezo acadado, coas mesmas especificacións a que facemos referencia na pregunta anterior, nese mesmo período de tempo?

3.^a) Que superficie abrangue cada un dos bancos marisqueiros a que fai referencia esta iniciativa?



 Grupo Parlamentario

4.^a) En relación con outros bancos xestionados por medio de concesións ás confrarías, cal é o seu nivel de rendibilidade?

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

5.^a) Téñense feito estudos de niveis de reprodución dos bivalvos, de interese comercial, no conxunto destes bancos marisqueiros?

6.^a) Se é así, existen diferencias entre as zonas de libre marisqueo e as concesións?

7.^a) Cal é a porcentaxe que acada a talla comercial tanto nun caso como no outro?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 27/04/2011 17:10:19

María José Caride Estévez na data 27/04/2011 17:10:23

José Manuel Gallego Lomba na data 27/04/2011 17:10:35

Francisco Xulio Cerviño González na data 27/04/2011 17:10:39

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba e Francisco Cerviño González, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Ao longo dos últimos días téñense denunciado diversas actuacións, por parte dos servizos de inspección pesqueira, que inciden no sistema de identificación e balizamento das artes caladas. Especialmente as críticas van dirixidas a obrigatoriedade de sinalización lumínica, establecida no Decreto 424/1993 do 17 de decembro, para as artes que queden caladas pola noite.

O novo Decreto 15/2011 do 28 de xaneiro, publicado no DOG Nº 31 de 15 de febreiro, exime da obrigatoriedade das sinais luminosas, salvo nas faenas nocturnas, sen embargo introduce a obrigatoriedade de dotar as boias dun reflector radar ou de calquera outro elemento reflíctante, así como os datos identificativos da embarcación.

As deputadas e os deputados que asinan preguntan á Sra. conselleira do Mar:

1.^a) Cantos expedientes, especificando por ano e lugar da suposta infracción, nos últimos cinco anos por mala sinalización das artes fixas caladas nas costas de Galicia?

2.^a) Cantos deles deron lugar a sancións firmes?

3.^a) Canto importaron as sancións impostas en cada un dos anos?

4.^a) Cantas delas foron por incumprimento da obrigatoriedade de sinalar con luz as artes caladas pola noite?



 Grupo Parlamentario

5.^a) Que problemas están detectando os servizos de inspección pesqueira despois da publicación do novo Decreto 15/2011?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2011

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 27/04/2011 17:22:34

María José Caride Estévez na data 27/04/2011 17:22:58

José Manuel Gallego Lomba na data 27/04/2011 17:23:09

Francisco Xulio Cerviño González na data 27/04/2011 17:23:13



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 17:32
Nº Rexistro: 64359
Data envío: 27/04/2011 17:32:54.411


Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano, Alfredo Suárez Canal e Tereixa Paz Franco, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta en **Comisión**, relativa á situación do Centro de Menores Montealegre de Ourense.

Os sindicatos CIG e UGT acaban de denunciar diante do Ministerio Fiscal os recortes que a Xunta de Galiza está a aplicar no Centro tutelado de Menores de Montealegre (Ourense), recortes que afectan á alimentación e á atención educativa aos menores que conviven no centro. O plano de aforro que está a aplicar a dirección do centro levou a suprimir “os zumes do almorzo, a variedade e cantidade das comidas e mesmo os bocadillos cando consideran que un menor non pasa as horas suficientes nas instalacións”, repercutindo tamén no vestiario, material de aseo persoal, escolar e extraescolar e á formación laboral dos adolescentes, concretizadas na eliminación do taller de mecánica e na redución dos horarios dos obradoiros de xardinería, téxtil e informática.

Ante a evidencia destes recortes, expresivos da insensibilidade social do goberno do PP, formúlanse as seguintes cuestións:

Considera o goberno necesario reducir a calidade asistencial aos menores usuarios do Centro de Montealegre? Acaso a alimentación e a educación dos menores son servizos complementares deses que, segundo Núñez Feijoo, poden ser reducidos ou eliminados? Que medidas vai adoptar a Xunta para restabelecer unha alimentación e



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2011 17:32
Nº Rexistro: 64359
Data envío: 27/04/2011 17:32:54.411

unha atención educativa e asistencial de calidade aos menores usuarios do centro Montealegre?

Santiago de Compostela, a 27 de abril de 2011

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Alfredo Suárez Canal

Deputados do G.P. do BNG.

Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 27/04/2011 17:31:44

Alfredo Suárez Canal na data 27/04/2011 17:31:47

María Tereixa Paz Franco na data 27/04/2011 17:31:50



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 64370
Data envío: 27/04/2011 19:04:50.758

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás razóns da determinación experimental das condicións de extracción e veda na campaña da centola para o ano 2011.

A Consellaría do Mar decidiu abrir a captura de centola entre o 1 de xuño e o 31 de agosto de 2011. Posteriormente reabrirase o 6 de novembro nas provincias de Pontevedra e A Coruña.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo:

- 1.^a) Con quen consensuou esta medida?
- 2.^a) Con que motivacións se adoptou?
- 3.^a) Cales son as previsións da Consellaría do Mar con este novo sistema?

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 64370
Data envío: 27/04/2011 19:04:50.758

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 27/04/2011 19:01:31



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 64374
Data envío: 27/04/2011 19:54:08.217

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao funcionamento do Comité Científico Galego de Pesca.

O Decreto 24/2004, do 29 de xaneiro, da extinta Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos, criaba o Comité Científico Galego de Pesca, como órgano colexiado de consulta e de asesoramento, e concibido como “complemento” necesario do Consello Galego de Pesca.

Ven de anunciar agora a Consellaría do Mar a súa intención de aprobar un novo Decreto que modifique o anterior.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo:

1.^a) Cantas reunións, e en que data, mantivo o Comité Científico Galego de Pesca na presente lexislatura?

2.^a) Cal foi a súa funcionalidade na actual lexislatura?

3.^a) Cales son as reformas que se pretenden introducir no novo Decreto?

4.^a) Cando entrará en vigor o novo Decreto?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2011 09:30
Nº Rexistro: 64374
Data envío: 27/04/2011 19:54:08.217


Santiago de Compostela, 28 de abril de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 27/04/2011 19:40:56



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2011 11:20
Nº Rexistro: 64378
Data envío: 28/04/2011 11:20:32.424

Á MESA DO PARLAMENTO


Carlos Aymerich Cano e Ana Luisa Bouza Santiago, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa ás novas irregularidades denunciadas no funcionamento do servizo de transporte adaptado 065 no Concello de Cambre.

Non é a primeira vez que os deputados asinantes denunciámos irregularidades no funcionamento do 065. Desde a utilización de vehículos adscritos ao 065 para outros fins, como o transporte escolar ou a denegación do servizo a utentes que non só tiñan dereito senón que mesmo viñan facendo uso del con normalidade.

Tal é o caso de E.P.L., unha viciña de Cambre cunha situación de dependencia recoñecida en Grao II Nivel 2 e unha discapacidade recoñecida do 84% que depende para a práctica totalidade dos seus desprazamentos dunha cadeira a rodas eléctrica. Dna. E.P.L. denuncia que desde que en xuño de 2009 foille recoñecida a condición de usuaria do 065 (deixando neste momento de utilizar o transporte adaptado municipal financiado pola Xunta de Galiza) os problemas repétense, sexa en forma de non prestación de servizos comprometidos, sexa en forma de denegación reiterada de servizos solicitados sempre coa excusa de que o tal servizo fica “fóra das rotas establecidas” ou, aínda, aducindo escaso número de vehículos –apenas catro– cos que o 065 conta para dar servizo aos Concellos de Oleiros, Cambre, Carral, Culleredo, Arteixo, Sada, Bergondo, Abegondo e Betanzos.

Así as cousas fórmulanse as seguintes cuestións:

Que medidas vai adoptar a Xunta para corrixir as deficiencias no funcionamento do 065 denunciadas por diversos utentes do Concello de Cambre?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2011 11:20
Nº Rexistro: 64378
Data envío: 28/04/2011 11:20:32.424

Está disposta a Xunta a incrementar o número de vehículos do 065 que atendan os Concellos de Oleiros, Cambre, Carral, Culleredo, Arteixo, Sada, Bergondo, Abegondo e Betanzos”?

Santiago de Compostela, a 28 de abril de 2011.

Asdo. Carlos Aymerich Cano
Deputado do G.P. do BNG

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 28/04/2011 11:18:07

Ana Luisa Bouza Santiago na data 28/04/2011 11:18:10

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Marisol Soneira Tajés, Mar Barcón Sánchez e Carmen Cajide Hervés, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de declarar ilegais, en sentenza firme, as licencias de seis bloques, que conteñen 168 vivendas, construídos na Recta de Anchoa no concello de Fisterra.

En declaracións públicas do Sr. Alcalde de Fisterra, de forma reiterada, reduce a sentenza do Alto Tribunal a unha cuestión case anecdótica -un asunto menor de puro trámite administrativo- que será solucionado pola vía dun convenio coa Xunta de Galicia...??

Estas declaracións do alcalde de Fisterra non parecen feitas ao azar, xa que, segundo un medio de comunicación, citando fontes da propia Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Xunta de Galicia non pensa pedir a execución da sentenza dando cobertura, así, a unha ilegalidade manifesta.

Vimos de coñecer tamén, a través do mesmo medio de comunicación, que as empresas promotoras dos edificios declarados ilegais son propiedade de familiares directos de destacados membros do Partido Popular en distintos concellos da Costa da Morte.

Esta situación, que non pode ser cualificada máis que como escandalosa, converte o delito urbanístico en algo máis xa que parece que o Goberno Municipal de Fisterra está metido en demasiados asuntos que merecen a atención da xustiza: infraccións urbanísticas, imputación, na Operación Orquestra, do alcalde, dous concelleiros e algún funcionario, por amañar a adxudicación de obra pública en beneficio dunha única empresa e outros presuntos delitos, etc.

Diante de todo este panorama, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



 Grupo Parlamentario

1.^a) Que medidas vai tomar a Xunta de Galicia con respecto á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que declara ilegais seis bloques de 168 vivendas en Fisterra?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2.^a) Pensa a Xunta de Galicia pedir a execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia?

3.^a) Ten previsto a Xunta de Galicia, como afirma o alcalde de Fisterra, asinar algún tipo de convenio que dea cobertura a estas ilegalidades?

4.^a) Ten previsto a Xunta de Galicia investigar os vínculos políticos das empresas promotoras destas vivendas co goberno de Fisterra?

5.^a) Que medidas ten previsto tomar a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística neste caso?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2010

Asdo: Marisol Soneira Tajés
Mar Barcón Sánchez
Carmen Cajide Hervés
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 28/04/2011 12:03:09

María del Mar Barcón Sánchez na data 28/04/2011 12:03:23

María del Carmen Cajide Hervés na data 28/04/2011 12:03:32

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, José Manuel Gallego Lomba, Francisco Cerviño González, Mar Barcón Sánchez e José Luis Méndez Romeu, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

A separación entre as responsabilidades institucionais e orgánico-partidario dos membros de calquera goberno, ou das empresas e servizos públicos del dependentes, debe ser unha barreira que, nin por acción nin tan sequera por omisión, pode franquearse.

Non obstante, hai unha desvergoñada tendencia, por parte dalgún membro do Goberno galego, a confundir a súa representación institucional co seu papel como *hooligans* do seu partido. Esta tendencia está especialmente acentuada na Consellaría do Mar e moi especialmente no ente público Portos de Galicia, onde a conselleira e o presidente do ente confunden conscientemente, en case todas as ocasións, o seu papel.

Esta situación é especialmente grave no caso do porto e instalacións portuarias de Coruña, onde a Sra. Quintana visita a lonxa acompañada polo candidato do PP nesta cidade, ou xira visitas proxectos de obra que son esenciais para a cidade sen invitar o Sr. Losada (alcalde), pero lembrándose moi ben de convidar ao candidato do PP na cidade. Tampouco se esquece a Sra. Quintana de convidar a outro señor Losada (presidente da Autoridade Portuaria).

Nesta visita o Sr. Losada (presidente da Autoridade Portuaria) di cousas sorprendentes nunha persoa que exerce un cargo institucional: *“El Puerto pospone el proyecto del Parrote por si cambie el alcalde...”* ou esta outra, *“el agujero sigue ahí porque el alcade no le quiso dar la razón a Carlos Negreira..”*



 Grupo Parlamentario

Diante de semellante comportamento, impropio dun país democrático e máis próximo a un escenario de novela de García Márquez, as deputadas e os deputados que asina preguntan:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1.^a) As afirmacións feitas polo presidente da Autoridade Portuaria de Coruña, na visita xirada pola conselleira do Mar o pasado martes 26 de abril, son o modelo que se vai aplicar no deseño das infraestruturas e servizos portuarios do Goberno de Galicia?

2.^a) É certo que a condición indispensable, por parte da Autoridade Portuaria, para buscar unha solución ao proxecto do Parrote é o cambio de alcalde na cidade da Coruña?

3.^a) Comparte a Xunta de Galicia que entre as funcións do presidente da Autoridade Portuaria da Coruña, está a de dar cobertura e apoio político ao candidato do Partido Popular ás eleccións municipais?

4.^a) O candidato do Partido Popular á alcaldía da Coruña, en calidade de que foi convidado ao acto institucional da visita da conselleira do Mar do pasado martes 26 ao porto, e das efectuadas no pasado como a feita á lonxa?

5.^a) Ten convidado a Sra. conselleira do Mar a outras persoas, que ostentan responsabilidades e cargos semellantes aos do candidato do PP na cidade da Coruña, a esta e a outras visitas feitas ao Porto?

6.^a) Se non é así, por que o candidato do PP está sempre nestas visitas?

Pazo do Parlamento, 27 de abril de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María José Caride Estévez
José Manuel Gallego Lomba
Francisco Cerviño González
Mar Barcón Sánchez
José Luis Méndez Romeu



 Grupo Parlamentario

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

.....
María Soledad Soneira Tajés na data 28/04/2011 16:07:22

María José Caride Estévez na data 28/04/2011 16:07:38

.....
José Manuel Gallego Lomba na data 28/04/2011 16:07:54

Francisco Xulio Cerviño González na data 28/04/2011 16:07:58

María del Mar Barcón Sánchez na data 28/04/2011 16:08:30

Jose Luis Méndez Romeu na data 28/04/2011 16:08:37

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE O GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727